Artículo 92. Protección de las vías de circulación 1. Las construcciones y cierres que se construyan con obra de fábrica, vegetación ornamental u otros elementos permanentes en zonas no consolidadas por la edificación tendrán que desplazarse un mínimo de 4 metros del eje de la vía pública a que den frente, salvo que el instrumento de ordenación urbanística establezca una distancia superior. Únicamente se excluye de esta obligación la colocación de mojones y cierres de postes y alambre destinados a delimitar la propiedad rústica, así como lo establecido en el artículo 26.1.e)

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA (Declaración de innecesariade de licenza de segregación) – Dora Magdalena González Portela

Visto o escrito presentado por **Dora Magdalena González Portela**, de data 10/11/2021 (Rexistro de entrada nº 20.139), no que solicita certificado de innecesariade da licenza de segregación de inmoible sito na planta ático (sexta), de edificio sito na Rúa de Galicia, nº 5 (Ribeira) en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0012XU.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/11/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- DECLARAR A INNECESARIEDADE DA LICENZA DE SEGREGACIÓN de inmoible cunha superficie útil de 96,40 m² dividido actualmente en dous inmoibles de 48,70 m² sito na planta ático (sexta) de edificio sito na Rúa de Galicia nº 5, Ribeira en parcela con refª catastral nº 0814613NH0101S0012XU.

SEGUNDO.- Asimesmo a declaración de innecesariade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*



- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

11.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a RAQUEL GIRÁLDEZ GONZÁLEZ POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POLO SEU CAN Ó FERIRSE POR MOR DUNHA PAPELEIRA EN MAL ESTADO. EXPEDIENTE 2021 RESP000003.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a RAQUEL GIRÁLDEZ GONZÁLEZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- D^a Raquel Giráldez González, con DNI número 53487094-L, presenta escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira, rexistrado de entrada na data 01/02/2021 co número 1.394.

A reclamante alega que o seu can sufriu, o día 30/01/2021, unha ferida ao cortarse cunha papeleira que estaba rota e oxidada no parque sito entre as rúas Novoa Santos e Travesía Fafián.

Co seu escrito de reclamación, achega fotografías da ferida sufrida polo animal, da papeleira en mal estado e da situación do parque público no que tivo lugar o accidente sufrido.

Posteriormente, mediante escrito presentado na data 04/02/2021, a reclamante achega un informe veterinario e unha factura emitida pola “*Clínica Veterinaria Mascotas*”, por importe total de 89,54 euros.

Neste último escrito, solicita “*que o seguro de responsabilidade civil do Concello de Ribeira valore os danos e prexuízos ocasionados polo accidente e que se estime e cuantifique unha indemnización económica. Non se solicita o abono da factura, senón indemnización por danos e prexuízos.*”

Segundo.- Instruído o procedemento, consta nel informe emitido na data 17/03/2021 pola Policía Local, informe emitido na data 29/07/2021 pola enxeñeira municipal e informe emitido na data 18/08/2021 polo capataz de obras públicas do Concello Ribeira.

Terceiro.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-



A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de



producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Raquel Giráldez González para deducir a reclamación de indemnización dos danos sufridos que pretende**, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sucedido.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular do parque existente entre a Rúa Novoa Santos e a Travesía de Fafián, e, polo tanto, ser a Administración responsable do mantemento e conservación do mesmo, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.2 b) e 26.1 b) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “*parques públicos*”.

Polo que se refire ao fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada pola Sra. Giráldez González, cómpre ter en conta que **as lesións sufridas polo seu can teñen que se aceptadas como certas á vista do informe veterinario que achega coa súa reclamación**.

Agora ben, a soa constatación dese dano material non é, per se, determinante de xeito directo da imputación da responsabilidade patrimonial que se preconiza pola reclamante, **sendo necesario que aquela constancia veña acompañada, nunha relación directa de causalidade**, da certeza dun defectuoso funcionamento do servizo público municipal.

A tal efecto, débese comezar sinalando que entre os servizos públicos encomendados ós municipios, figura o de parques e xardíns públicos, como así se recolle no artigo 25 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, igualmente contemplado na Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.

Na inspección do parque público realizada na data 23/07/2021, segundo consta no informe emitido na data 29/07/2021 pola enxeñeira municipal, conséntase o óptimo estado do parque, no que se aprecia a existencia dunha única papeleira que se atopa en bo estado, e sen que se tivera apreciado ningún tipo de elemento punzante ou que sobresaía en ningún mobiliario do parque público.

Sen embargo, o capataz do departamento de obras públicas nun informe emitido na data 18/08/2021, manifesta que, **no primeiro trimestre deste ano 2021, procedeuse por parte dos operarios do departamento, á retirada dunha papeleira no parque existente entre a Rúa Novoa Santos e a Travesía de Fafián, por estar rota polo seu fondo, sen que se procedera á colocación dunha nova papeleira en substitución da retirada**.

Desde este punto de vista, podería apreciarse a existencia dunha relación causal entre a presenza dunha papeleira rota polo seu fondo nun espazo público, tal e como tamén se aprecia nas fotografías que achega a reclamante co seu escrito de reclamación, e a materialización do dano que motiva a reclamación, sen que se obxectivo no expediente a existencia de circunstancia algunha que faga quebrar o dito nexo ou exclúa a responsabilidade do servizo pola ausencia de antixuridicidade do dano.



Non resulta acreditado no expediente que na causalidade do dano se observara a influencia da conduta da propia vítima daquel, por canto non se ten demostrado un incumprimento dos deberes de coidado e control do animal por parte da súa dona.

Polo exposto, **pódese chegar á convicción razoable da existencia dun enlace directo entre o deficiente servizo municipal e o resultado danoso.**

Respecto ao *quantum indemnizatorio* que, como consecuencia, procede admitir, hai que indicar que os gastos derivados dos servizos do veterinario están xustificados, e deben formar parte do detrimento patrimonial a resarcir, debéndose considerar, a tal efecto, que o artigo 7 da Lei 4/2017, do 03 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, impón ós posuidores dos animais a obriga de mantelos en boas condicións hixiénico-sanitarias.

Non existen acreditados e xustificados outros danos e prexuízos ocasionados á reclamante por mor do accidente sufrido polo animal da súa propiedade, polo que a indemnización debe axustarse ós gastos do servizo do veterinario antes referidos.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Rios, de data 08/11/2021, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/11/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Raquel Giráldez González polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, na contía de 89,54 euros.

A citada indemnización abonarase integramente polo Concello de Ribeira ao non superar a franquicia de 150 euros establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.

12.- OUTORGAMENTO DE PRAZO DE CONSULTA DE DOCUMENTACIÓN, CON SUSPENSIÓN DE PRAZO, EN EXPEDIENTE SANCIONADOR POR DESOBEDIENCIA A REQUIRIMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA EN MATERIA DE SANEAMENTO. EXPEDIENTE: 2021SANC000001 - Marcelo Campaña Martínez

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. Antecedentes

- Informe emitido por Juan Antonio Samartín Iglesias, Xefe de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 10 de setembro de 2020, no que se dá conta do estado das conexións de saneamento na rúa Pedro Arias.

- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.



- Na revisión efectuada detectouse que varias vivendas da rúa Pedro Arias non contan con acometida á rede de sumidoiros municipal, xa que seguen vertendo as súas augas fecais a unha antiga canalización sita no interior dos inmobles e que conexiona augas abaixo á rede municipal.
- Os servizos técnicos municipais teñen coñecemento dunha grave situación de insalubridade motivada polos vertidos de augas residuais á antiga rede, de imposible reparación ao non poder acceder por estar baixo as vivendas, concretamente no entorno entre os números 2 e 14 da rúa Pedro Arias.
- A vivenda localizada no núm. 4 da rúa Pedro Arias é unha das que non contan con acometida directa á rede de sumidoiros municipal.
- Decreto de Alcaldía, de data 11 de setembro de 2020, mediante o que se inicia expediente de requirimento a Marcelo Campaña Martínez (-----033N), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001BF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, Ribeira, para que proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 15 de setembro de 2020.
- Escrito presentado por Marcelo Campaña Martínez (-----033N), Sofía Fernández Fernández (-----487B) e Sabina Castelao Sende (-----615A), de data 28 de setembro de 2020 (entrada núm. 12.316), mediante o que presentan alegacións ao requirimento efectuado.
- Decreto de Alcaldía, de data 29 de marzo de 2021, mediante o que se resolve o expediente de requirimento a Marcelo Campaña Martínez (-----033N), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001BF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, Ribeira, requiríndolle para que nun prazo de dous (2) meses, a contar dende a data de notificación do acordo, proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 26 de abril de 2021.
- Escrito da Alcaldía de data 2 de xullo de 2021, dirixido a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., mediante o que se lles solicita informe sobre a situación actual das conexións de saneamento das vivendas 2, 4 e 6 da rúa Pedro Arias, Ribeira. Acuse de notificación telemática de data 4 de xullo de 2021.
- Informe técnico emitido por Lidia Golobardas Otero, Xefa de Servizo de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 8 de xullo de 2021 (escrito con data do 12 de xullo de 2021, entrada núm. 12.295), no que expón o seguinte: *"Unha vez recibida notificación con nº EXPEDIENTE: 2020AUGA000035, en data 04/07/2021, requirindo informe sobre o estado das conexións das vivendas sitas en Rúa Pedro Arias nº2, nº4 e nº6, o Servizo realizou nova inspección das instalacións con data o 08/07/2021. Realizada a inspección das vivendas indicadas, comprobouse que as vivendas non se atopan conectadas interiormente ás acometidas exteriores, polo tanto seguen estando conectadas a través da antiga rede interior que atravesa das vivendas contiguas."*



Sen nada mais polo momento, e quedando á súa disposición ante calquera aclaración pertinente no asunto, despedímonos, aproveitando a ocasión para saudar, moi atentamente."

- Proposta de inicio de expediente sancionador efectuada polo Técnico Municipal de Medio Ambiente do Concello de Ribeira, de data 28 de xullo de 2021, para a súa aprobación en Xunta de Goberno Local.

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 5 de agosto de 2021, de inicio de expediente sancionador por incumprimento dun requirimento en materia de saneamento. Notificación practicada en data 11 de agosto de 2021.

- Escrito presentado por Marcelo Campaña Martínez, de data 25 de agosto de 2021 (entrada núm. 14.763), mediante o que achega alegacións ao inicio do expediente sancionador.

2. Consideracións legais/técnicas

- A solución aos problemas existentes pasa por que cada veciño se conecte á rede de saneamento municipal mediante a correspondente acometida independente, quedando fóra de servizo a antiga canalización interior, que terá que ser anulada.

- Establece o artigo 5 da *Ordenanza de Verteduras e do Servizo Municipal de Saneamento do Concello de Ribeira* (en adiante *Ordenanza de Verteduras*), ao referirse ao ámbito de aplicación da norma, o seguinte: *"1. Inclúense no ámbito desta ordenanza todas as verteduras de augas residuais, de calquera orixe, que se realicen á rede de saneamento de titularidade municipal á que se refire o Artigo 3, ou as que no futuro sexan conectadas. (...)"*

- Establece o artigo 8 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse aos usuarios suxeitos, o seguinte: *"1. Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos desta ordenanza, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro. (...)"*

- Establece o artigo 9 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: *"1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. / (...) 4. A acometida a rede municipal de saneamento definida no Artigo 4.1 terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, substanciarase a obtención do permiso de acometida conforme o disposto no Artigo 12 e realizarase de acordo cos condicionantes técnicos do ANEXO VIII. Correspóndenlles aos usuarios as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida a excepción daqueles casos nos que se demostre que a deficiencia ou dano a reparar non é imputable ao mesmo. (...)"*

- Establece o artigo 28.5. da *Ordenanza de verteduras*, ao referirse ás infraccións leves, o seguinte: *"(...) b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas nesta ordenanza. / (...) h) As accións e omisións das que*



deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros. / (...) k) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo. / (...) m) Incumprimento de calquera prohibición establecida nesta ordenanza ou a omisión dos actos á que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves. (...)”

- “As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros” está tipificado como infracción leve na *Ordenanza de Verteduras*, de conformidade co previsto no artigo 28.5.h), podendo sancionarse con multas de ata 15.000,00 euros.

- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.

- O Concello, de conformidade co previsto no artigo 25.2 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, ten atribuída a competencia de protección da salubridade pública, o que implica a adopción das medidas que sexan necesarias para corrixir e reverter situacións de insalubridade.

- Todas as edificacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, están obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos da *Ordenanza de Verteduras*, a cal establece a obriga de conexión á rede municipal de saneamento para todos os usuarios que se atopen a menos de 50 metros desta. Asemade, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais.

- O órgano que ten atribuída a facultade de instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións á *Ordenanza de Verteduras* é a Xunta de Goberno Local de acordo co establecido no artigo 32.1 da referida ordenanza.

- O presunto responsable, de conformidade co disposto no punto 2.d) do artigo 64 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, pode recoñecer en calquera momento voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 85 (“1. *Iniciado un procedemento sancionador, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda. / 2. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. / 3. En ambos casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, al menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si. As citadas reducións, deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.*”)



- De conformidade co estipulado no artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, en calquera momento do procedemento, a parte interesada ten dereito a coñecer o seu estado de tramitación e a acceder e obter copias dos documentos contidos neste.

3. Análises das alegacións presentadas

Marcelo Campaña Martínez, herdeiro da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, desta cidade, presentou un escrito, de data 25 de agosto de 2021 (entrada núm. 14.763), de alegacións ao inicio do expediente sancionador, no que expón:

"(...) PRIMERA.- FALTA DE LEGITIMACIÓN PASIVA y/o LITISCONSORCIO PASIVO NECESARIO.

Con carácter previo, manifestar que la vivienda en la que reside el dicente era propiedad de sus fallecidos padres D^a. María Teresa Martínez Gómez y D. Marcelino Campaña Lorenzo, fallecidos ambos, los cuales tuvieron dos hijos: el dicente D. Marcelino y D. Saturnino, el cual a su vez falleció, teniendo dos hijos. La herencia de sus padres, está a fecha de hoy indivisa, existiendo una copropiedad en la misma (entre el dicente y sus dos sobrinos). (...)

SEGUNDA.- Por lo anteriormente expuesto, resulta claro que el dicente no podría, por sí mismo, y sin contar a su vez con la autorización de sus dos sobrinos (hijos de su fallecido hermano Saturnino) realizar obra alguna en la vivienda afectada y en la que reside el dicente.

Además, el dicente está jubilado, ascendiendo el importe de su pensión a la cantidad mensual de (...), lo que le hace absolutamente imposible la realización de la costosa conexión requerida, y menos aún en el corto plazo concedido. (...)

De lo anteriormente expuesto, se desprende que no ha existido en el dicente ninguna intención de incumplir ninguna orden o requerimiento, que entodo caso, entiendo que es manifestamente ilegal.

TERCERA.- Al margen de lo expuesto, se reproducen aquí todas y cada una de las alegaciones contenidas en los dos escritos que el dicente presentó y ante este Concello, en fecha 18-08-2.021, y en relación con una comunicación recibida por el dicente y otros, en el presente mes de agosto. (...)

CUARTA.- El requerimiento efectuado por este Concello y al dicente, además de ILEGAL, parte de una premisa falsa: unos supuestos olores y atascamientos en la antigua tubería de aguas fecales y pluviales, a donde vierte la vivienda copropiedad del dicente y de sus sobrinos, y de otros vecinos. Se niegan ambos extremos, y de existir algún problema en la citada conexión o antigua tubería, la misma se ha producido por la realización por parte de un vecino, de D. Antinio Vidal, de unas obras en su vivienda (sita en C/. Pedro Arias, núm. 12).

Por otra parte, no se puede dejar al dicente sin un servicio esencial, del que disfruta en su vivienda (y de sus sobrinos), desde siempre, y menos atendidas las circunstancias expuestas; y obligarlo a sufragar una costosa conexión a otra canalización, que al dicente le presta el mismo servicio que la actualmente existente. (...)"

Ao respecto do contido das alegacións fago as seguintes consideracións:

Partiremos de que as licenzas outórganse a salvo do dereito de propiedade, tal e como se infire do previsto polo artigo 12 do *Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais*;

Artigo 12



«1. As autorizacións e licenzas entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

2. **Non poderán ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que incurrisen os beneficiarios no exercicio das súas actividades.»**

A iso sumaríamos que falamos de alegacións presentadas como respostas a un **expediente de orde de execución** e, por ende, dunhas **obras urxentes que non admiten máis demora, e se presentan urxentes en atención ao prexuízo que se lle está ocasionando ao propietario da vivenda próxima.**

De non terse presentado licenza procedería a execución forzosa, a costa dos obrigados.

Por todo ido achámonos ante motivos que xustifican a desestimación das alegacións presentadas, iso sen esquecer a mala fe que, ante esta situación, aparentan presentar os obrigados-administrados, xa que non se aprecia vontade de dar cumprimento ao requirimento da Administración.

Ao respecto da alegación terceira cómpre significar que xunto ao Decreto de data 4 de outubro de 2021, notificado ao interesado na data do 19 de outubro de 2021, remitiuse ao interesado copia do informe emitido por Juan Antonio Samartín Iglesias, Xefe de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira, de data 10 de setembro de 2020, no que se dá conta do estado das conexións de saneamento na rúa Pedro Arias.

En canto á solicitude de copia do expediente de obras do ano 2006, sobre a rede de saneamento executada na rúa Pedro Arias, cómpre indicar que esta documentación non obra no expediente de requirimento nin no expediente sancionador en curso. Non obstante, non existe inconveniente en que dirixa a súa solicitude ao Servizo de Arquivo Municipal co fin de que lle faciliten a revisión da documentación existente e, de ser o caso, copia dos documentos que estime oportunos.

4. Resolución

Á vista do exposto, e visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 09/11/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1.- Outorgar a Marcelo Campaña Martínez (-----033N), en calidade de titular/responsable da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001BF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 4, Ribeira, un prazo de dez (10) días para solicitar ante o Servizo de Arquivo a revisión da documentación técnica solicitada (expediente da obra de saneamento do ano 2006) e, de ser o caso, a copia dos documentos que estime oportunos.

2.- Suspender o prazo máximo para resolver o expediente durante o prazo concedido para a consulta de documentos ante o Servizo de Arquivo, de conformidade co previsto no artigo 22.1.a) da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

3.- Notificar o presente acordo á parte interesada.



13.- APROBACIÓN MODELO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Comercio e Turismo, Ramón Doval Sampedro, de data 09/11/2021, na que solicita a aprobación dun “Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira” para a Campaña de Nadal 2020-2021, relativa a subvención nominativa á Asociación de Empresarios de Ribeira.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/11/2021.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o modelo do “Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira” aos efectos da celebración da Campaña de Nadal 2020-2021, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar á Asociación de Empresarios de Ribeira a cantidade de 5.000,00 € en concepto de subvención.

14.- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS- LIÑA ACTIVIDADES CULTURAIS 2021

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 15/11/2021, relativa á aprobación da convocatoria de achegas para a promoción de actividades culturais correspondentes ao exercicio 2021.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 15/11/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a convocatoria de achegas para a promoción de actividades culturais correspondentes ao exercicio 2021, según o sinalado na citada proposta.

15.- LICENZA PARA ARMAS CATEGORÍA 4ª – Pedro Antonio Fernández Hermo

VISTA a solicitude presentada por **D. Pedro Antonio Fernández Hermo**, DNI 52931720-A, e domicilio en Avda. Rosalía de Castro, nº 54 – 4º D - Ribeira (A Coruña) para a obtención de licencia de “arma tipo carabina” das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu artigo 2.2 as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solicítase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos



seguintes (concretamente no 2º):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na categoría 4.ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 13 de novembro de 2021, exame psicotécnico de data 9 de novembro de 2021, así como factura da carabina para a que solicita licenza.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por Delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos



seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. Pedro Antonio Fernández Hermo**, licenza para a arma carabina, **tipo 4.2**, que se relacionan a continuación:

"Pistola – Stinger Ares Co2 cal. 4,5 mm – CAL: 4,5 MM – cat 4.2 –(Nº SERIE: 1720210145032009K)"

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

